

# SERVIZO DE ALUGUER DE BICICLETAS BTT

## NORMAS DE EMPREGO

### 1.- Destinatarios:

O servizo de préstamo de bicicletas está dirixido a persoas maiores de idade, se ben os menores con idade comprendidas entre os 16 e os 18 anos poderán disfrutar do sistema previa autorización expresa e responsable dalgún dos seus pais ou titores legais. Queda expresamente prohibido a alta e utilización do servizo a menores de 16 anos.

### 2.- Marco legal:

O usuario declara coñecer e aceptalas presentes normas de uso e estar capacitado para a conducción de bicicletas. En todo o non previsto por estas normas estarase ó disposto no Real Decreto Legislativo 339/1990, de 2 de marzo, polo que se aproba o Texto Articulado da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridad Vial e demais normativa sobre tráfico e conducción de vehículos que o usuario se compromete a cumprir.

### 3.-Horario e lugar do servizo de aluguer de bicicletas:

Horario de atención ao público: de martes a domingo de 11:00 a 20:00 horas nos PUNTOS DE INTERMEDIACIÓN DO ALUGUER DE BICICLETAS:

- **Bar Quenllas:** R/Manuel Texo nº 3, Santa Cruz de Ribadulla. ( 42.776649, - 8.424904)

Tfno.: 981 512452

- **Bar Barreiro:** Cibrán nº9, San Xián de Sales. (42.814694, - 8.511153)

Tfno.: 981 511508

Ou chamando ao 981 814612 Concello de Vedra – [casadospeons@concellodevedra.com](mailto:casadospeons@concellodevedra.com)

### 4.- Disponibilidade do servizo:

O servizo estará dispoñible todo o ano. O tempo máximo permitido de utilización continua das bicicletas é de 6 horas. No caso de exceder este prazo aplicaránse as sancións correspondentes. O servizo poderá ser suspendido por causas de forza maior (climatolóxicas...).

### 5.- Declaración de alta como usuario:

Os interesados en disfrutar do sistema de aluguer de bicicletas deberán previamente darse de alta no servizo nos Puntos de Intermediación. A tal efecto, deberán cumprimentar unha folla de inscrición e acompañala do documento nacional de identidade

### 6.- Coste do servizo:

O coste do servizo é de 3 €, co límite de tempo fixado no punto 4 das presentes normas.

### 7.- Obrigas do usuario:

O usuario é o único responsable da bicicleta tomada en aluguer, así coma dos danos que poida causarse polo seu uso, a sí mesmo, a terceiros, ou a calquera ben moble ou inmobile como consecuencia da utilización normal ou anormal do servizo, quedando a Asociación para a Dinamización e Promoción de Vedra "Casa dos Peons" (xestora do servizo) exonerados de calquera responsabilidade por elo.

O usuario asume as seguintes obrigas dende a recepción da bicicleta:

- Usala bicicleta co máximo coidado e respecto, debendo destinala únicamente para uso cicloturístico.
- Custodiala bicicleta durante o tempo de uso asumindo a súa restitución no mesmo estado na que lle foi entregada, razón pola que deberá facer un uso dilixente da mesma tomando as medidas oportunas para evitala perda, roubo ou deterioro.
- Comprobar que a bicicleta está en condicións normais de uso antes de proceder á súa retirada.
- Comunicarlle á persoa encargada de recepción da bicicleta calquera incidente que se produza na

mesma (avería, accidente, roubo, etc.).

- Prohíbese ao usuario prestar, alquilar ou ceder a terceiros a bicicleta.
- Prohíbese o desmontaxe e/ou manipulación parcial ou total da bicicleta.
- Prohíbese a utilización da bicicleta para usos comerciais.
- Prohíbese o uso da bicicleta en terreos ou en condicións inapropiadas para iso.

#### **8.- infraccións:**

Consideraranse infraccións leves o retraso de menos de media hora na devolución da bicicleta, sen causa xustificada; e non custodiar adecuadamente a bicicleta durante o período de préstamo da mesma. Consideraranse infraccións graves a utilización da bicicleta fóra dos horarios de uso do sistema, prestar a bicicleta a terceiras persoas, utilizar a bicicleta con máis dun pasaxeiro, non comunicar calquer dano, desperfecto ou accidente que ocorra durante o uso da mesma e o retraso de máis de media hora na devolución dunha bicicleta, sen causa xustificada.

#### **9.- Sancións:**

Para os usuarios que cometan infraccións leves poderase impoñer unha sanción de 1 día completo de suspensión do servizo e sanción de ata 50 €.

Para os usuarios que cometan infraccións graves poderase impoñer unha sanción de ata 15 días de suspensión do servizo e sanción de ata 150 €.

Para os usuarios que cometan infraccións moi graves poderase impoñer unha sanción dende un mes de suspensión do servizo, a inhabilitación no sistema durante un ano e sanción de ata 300 €.

#### **10.- Reclamacións:**

Para calquera reclamación sobre as condicións e circunstancias que afecten á prestación do servizo, o usuario deberá dirixirse á Asociación para a Dinamización e Promoción de Vedra " Casa dos Peons". Existen a disposición do usuario follas de reclamación.

#### **11.- Tratamento confidencial de datos:**

Dacordo co disposto na vixente Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, o usuario consente a cesión dos seus datos de carácter persoal, que formarán parte dun ficheiro do que será propietario a Asociación para a Dinamización e Promoción de Vedra "Casa dos Peons" , sen prexuízo do dereito que lle asiste para acceder, rectificar, cancelar e opoñerse, en calquera momento, ao tratamento dos seus datos.

A Asociación para a Dinamización e Promoción de Vedra "Casa dos Peons" comprométese á non utilización dos datos incorporados aos arquivos xerados no sistema máis alá do propio uso derivado da prestación do servizo.

**FOLLA DE INSCRIPCIÓN:**

<b>Nome:</b>	<b>Apelidos:</b>	
<b>DNI:</b>	<b>Sexo:</b> H <input type="checkbox"/> M <input type="checkbox"/>	<b>Data de nacemento:</b>
<b>Enderezo:</b>		
<b>Localidade:</b>	<b>Provincia:</b>	<b>Código Postal:</b>
<b>Teléfono:</b>	<b>Mail:</b>	

O usuario declara que os datos expresados no presente formulario son certos e que coñece e acepta as normas de uso do servizo de aluguer de bicicletas btt.

Recorda que se trata dun servizo público do que deben desfrutar todos os usuarios, polo que che agradecemos que trates con coidado as bicis e respetes as normas de tráfico. Moitas grazas!

**Contacto:** [casadospeons@concellodevedra.com](mailto:casadospeons@concellodevedra.com)

**SERVIZO DE ALUGUER DE BICICLETAS BTT**